

FAMILIA

INCLUSIÓN SOCIAL

MAIORES E PERSOAS
CON DEPENDENCIAXUVENTUDE E
VOLUNTARIADO

ACTUALIDADE

- Editorial
- Feijóo avanza a ampliación da Tarxeta Benvida ata os 3 anos para as familias con rendas inferiores a 22.000 euros
- A Xunta de Galicia amplía ata os 4,2 millóns de euros o crédito do programa do Bono Concilia
- A Xunta recibe o premio Recurra-Ginso polas súas políticas no ámbito do conflito filio parental
- A Xunta lanza a iniciativa 'Acendámo-la luz' para sensibilizar sobre a necesidade de previr e denunciar os abusos a menores
- A Xunta reforza o orzamento para seguir avanzando na inclusión das persoas con discapacidade ata un total de case 103 millóns de euros
- A Xunta aposta pola innovación e os servizos profesionais e de proximidade para atender as necesidades das persoas maiores
- A Xunta reforza a loita contra os desafiuzamentos coa ampliación do programa Reconduce
- A Xunta aproba un ano máis o complemento extraordinario de máis de 200 euros para os preto de 40.000 perceptores de pensións non contributivas
- A Xunta traballa no deseño do Plan galego de atención ás persoas sen fogar que estará listo no primeiro semestre de 2018
- A Xunta amosa o talento da mocidade na gala final do certame Xuventude Crea
- A Xunta e Os Bolechas únense para fomentar o voluntariado entre o alumnado de educación infantil e primaria
- Goberno e interlocutores sociais acordan incrementar o SMI un 4% en 2018 e fixar unha senda que o sitúe en 850 euros en 2020
- Calendario laboral 2018
- Cadro de contías mínimas de pensións do Sistema da Seguridade Social para o ano 2018
- Días internacionais.

ESTADÍSTICAS

- Padrón de habitantes en 1 de xaneiro de 2016
- Pensións en vigor a 1 de decembro de 2016
- Pensións non contributivas

ALERTAS

- Alertas bibliográficas.
- Institucións
- Redes sociais: blogs.
- Congresos, xornadas e cursos.
- Blog de publicacións.
- Catálogo de publicacións na web.
- Normativa.

ORZAMENTOS

2018

CRECIMENTO
EN ESTABILIDADE

galicia

NORMATIVA

Normativa DOG

Normativa CCAA

Normativa BOE

Normativa UE

PUBLICACIONES

Catálogo de publicacións na web

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Memoria 2016

Parte da información é tomada do Portal Xunta.gal, susceptible de reutilización.

© Xunta de Galicia. 2017. BdB. Boletín de
Bienestar, 2017

Edita:
Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Subdirección Xeral
de Coordinación Administrativa, Sección de Publicacións e Estatísticas

<https://libraria.xunta.gal/gb/bdb-boletin-de-bienestar-boletin-informativo-de-politica-social-no-11-novembro-decembro-2017>
Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución. Compartirla igual 4.0
España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:
https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Coordinación: Pepa Dabán Royo.
Maquetación: Antonio Lameiro Ces.
ISSN: 2445-1932

Actualidade

Editorial

O Estado do Benestar articula a vida social e o progreso económico dos distintos países. En España, o Estado do Benestar articulou a vida social do propio Estado que permitiu apostar por un modelo descentralizado no que se outorgaron amplas competencias en materia de benestar e servizos sociais ás comunidades autónomas.

Este modelo perseguía dous grandes obxectivos: primeiro, dar un poder máis directo aos cidadáns na toma de decisións e segundo, que as institucións e os servizos fosen xestionados de forma máis transparente e próxima á poboación que os utilizaba.

A dimensión autonómica adquire, por iso, unha enorme relevancia xa que parte das políticas sociais elaboradas no ámbito autonómico se fan sobre a base das capacidades de autogoberno que resultan deste proceso descentralizador.

Nesta nova entrega, a cabalo entre 2017 e 2018 analizamos, coa perspectiva que require o tempo transcorrido neste segundo ano de publicación do boletín, as actuacións levadas a cabo por esta consellería

no desenvolvemento deste modelo do Estado de Benestar descentralizado e integrador, á súa vez. Este modelo que permite levar a cabo políticas encamiñadas ao benestar dos galegos e galegas neste momento de crise xeneralizada.

Os cambios que afectan á sociedade galega esixen unha maior implicación dos poderes públicos no desenvolvemento das súas políticas para atender as necesidades concretas nas que se atopa a poboación: a dependencia, o risco de pobreza e exclusión, os coidados ás familias e á infancia, a discapacidade, o despoboamento, a falta de recursos, as condicións socioeconómicas dos inmigrantes, a reagrupación familiar... e, outros tantos factores presentes na sociedade que a Consellería, a través do desenvolvemento das súas estratexias, plans e programas trata de combater.

As novas recompiladas e difundidas neste boletín ao longo deste ano dan a coñecer estas políticas sociais e cumpre, ademais, un dos seus principais obxectivos.



A vida
nunca foi
tan grande



TARXETA BENVIDA
100€ AO MES PARA OS GASTOS
FUNDAMENTAIS O 1º ANO

PROGRAMA DE APOIO Á NATALIDADE

En Galicia a vida nunca foi tan grande

Neste intre o mundo cambia as súas regras. As noites pasan a ter tres horas, o mundo dúas rúas, o pouquiño é a nova medida... Todo se mide en dedeiros, gotiñas, culleradiñas. Neste momento o mundo faise máis pequeno, pero a axuda nunca foi tan grande.

Feijóo avanza a ampliación da Tarxeta Benvida ata os 3 anos para as familias con rendas inferiores a 22.000 euros

- **Prevese que a Tarxeta Benvida chegará, nos seus primeiros dous anos de vida, a unhas 30.000 familias galegas.**

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, avanzou, tras a reunión do Consello da Xunta, que o Goberno galego vai estender o apoio ás familias que teñan fillos

ampliando a Tarxeta Benvida ata os 3 anos para as rendas inferiores a 22.000 euros.

Deste xeito, manterase durante o primeiro ano de vida do neno cos mesmos criterios que ata agora coa novidade de que se ampliará ata

que cumpra tres anos no caso das familias que máis o precisan.

Para iso, o Consello da Xunta vén de autorizar un investimento duns 36 millóns de euros.

Deste xeito, durante o primeiro ano de vida do neno, a Tarxeta Benvida terá o mesmo importe que ata agora: 1.200 euros (100 euros ao mes) que pasarán a

distribuírse nun ou dous pagamentos anuais.

Segundo detallou o titular do Goberno galego, poderán acceder a ela os pais naturais ou con cativos en adopción ou garda con fins adoptivos cuxa renda anual familiar sexa inferior aos 45.000 euros ou menor de 13.500 euros per cápita.

Durante o segundo e terceiro

ano de vida do neno, poderán acceder á axuda aquelas familias cunha renda anual igual ou inferior a 22.000 euros. As contías serán de 600 euros anuais para o primeiro fillo; 1.200 anuais para o segundo; e para o terceiro e sucesivos 2.400 anuais. Nestes casos, as achegas realizaranse en pagamentos anuais sucesivos.

Ademais, esta axuda tamén se abrirá ás familias galegas que residan no exterior e decidan retornar a Galicia no 2018. Neste senso, Feijóo explicou que aínda que o fillo naza antes do retorno,

o prazo de dous meses para solicitar a Tarxeta comezará a partir do seu regreso, non a partir do nacemento do neno.

Feijóo lembrou que a Tarxeta Benvida está destinada a atender os gastos que supón ampliar a familia, como a compra de alimentos infantís, produtos de hixiene ou de farmacia, entre outros.

Tras esta ampliación, o máximo responsable autonómico estima que a Tarxeta Benvida será percibida por 8 de cada 10 familias galegas con fillos pequenos. Cada ano, uns 15.000 nenas

e nenos beneficiaranse desta axuda, igual que nestas dúas últimas anualidades e estímase que 9.000 delas poidan recibila ata que se cumpran os tres anos.

Segundo lembrou Feijóo, grazas á Tarxeta Benvida beneficiáronse 14.878 persoas en 2016 e 12.291 no que levamos

de 2017, a falta de tres meses para que se poidan coñecer os datos definitivos. Neste senso, agárdase que, unha vez remate o prazo, a cifra de solicitudes sexa similar á de 2016, polo que a Tarxeta Benvida chegará, nos seus primeiros dous anos de vida, a unhas 30.000 familias galegas.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171229/AnuncioG0425-191217-0002_gl.pdf



DOG

Diario Oficial
de Galicia

A Xunta de Galicia amplía ata os 4,2 millóns de euros o crédito do programa do Bono Concilia

- ▶ **O Diario Oficial de Galicia publica esta medida que permitirá que máis de 3600 familias se beneficien dunha axuda económica para elixir a escola infantil de 0 a 3 anos que desexen para os seus fillos e fillas. Esta cifra supón un 40% máis que na convocatoria do curso pasado**
- ▶ **O obxectivo é atender todas as solicitudes que cumpran cos requisitos da orde e manter a lista de espera cero**
- ▶ **Galicia dispón na actualidade de 23.488 prazas en escolas infantís de 0 a 3 anos dependentes da Xunta ou nas que participa a Administración autonómica, o que supón unha ratio de cobertura do 40,4%, sete puntos por enriba da aconsellada pola Unión Europea**

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2017.- A Xunta de Galicia amplía o incremento do crédito do programa do Bono Concilia en 756.773 euros, de tal xeito que esta iniciativa consistente na concesión de axudas económicas ás familias para que elixan a escola infantil de 0 a 3 anos que desexen para os seus fillos e fillas acada un montante global superior aos 4,2 millóns de euros no presente curso escolar 2017-2018, o que supón un incremento do 23,5% con respecto ao orzamento destinado a este programa o curso pasado. O obxectivo desta medida publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) é atender todas as solicitudes que cumpran cos requisitos establecidos na convocatoria e avanzar na lista de espera na atención á primeira infancia en escolas infantís.

Este reforzamento orzamentario permite que o Bono Concilia chegue a un maior número de beneficiarios, sendo na actualidade de 3.648 as familias galegas que se acolleron a este programa, un 40% máis que as rexistradas na anterior convocatoria que foron 2599. Por provincias, Pontevedra é na que se concederon máis bonos concilia con 1681, seguida da Coruña con 1214, Lugo con 382 e Ourense con 361.

Para ser beneficiarias do Bono Concilia, as persoas solicitantes deben ter unha nena ou neno nacido con posterioridade ao 31 de decembro de 2014 e para a obtención da axuda, teñen prioridade aqueles nenos e nenas que xa tiveran concedida a axuda no curso pasado, de xeito que se poida dar continuidade á súa

escolarización. Tamén poden optar ao bono aquelas familias nas que as dúas persoas proxenitoras traballan en quenda de tarde ou en quendas rotativas e que con dereito a praza pública, esta non lles resolva as súas demandas de horario.

Ademais, o Bono Concilia promove o dereito á escolarización de irmáns/ás nun mesmo centro para facilitar a conciliación das familias. Así as solicitudes para nenos e nenas que xa contan cun irmán ou irmá nun centro, terán posibilidade de opción directa ao bono concilia nese centro.

A contía que se percibirá por cada praza de xornada completa oscila entre os 45 euros mensuais para as rendas máis altas e os 250 euros (con comedor) para as rendas máis baixas. Cómpre destacar que o Bono Concilia é compatible con outras axudas que poidan recibir as familias para a mesma finalidade sempre que non superen o custo da praza.

Ratio de atención por enriba do 40%

O programa Bono Concilia constitúe un recurso máis que a Consellería de Política Social pon á disposición das familias para facilitar a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral; e é complementaria a oferta escolas infantís que hai en Galicia.

Ao respecto, hai que indicar que o número de prazas en escolas de 0 a 3 anos que dependen da Xunta de Galicia ou nas que participa a Administración autonómica ascende a día de hoxe a 23.488, incluídas as axudas do Bono Concilia.

Esta cifra sitúa a Galicia nunha ratio de cobertura en canto a prazas en escolas infantís de 0 a 3 anos do 40,44%, sete puntos por enriba da taxa aconsellada pola Unión Europea. Desde o ano 2009, a Comunidade Autónoma aumentou este indicador en máis dun 21%, pasando nestes oito anos do 19% ao 40,44% actual.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171201/AnuncioG0425-271117-0001_gl.pdf



DOG

Diario Oficial
de Galicia

A Xunta recibe o premio Recurra-Ginso polas súas políticas no ámbito do conflito filio parental

- ▶ **A Administración autonómica puxo en marcha varias medidas como o programa Convive ou un curso formativo nesta problemática para técnicos de servizos e programas de protección de menores**
- ▶ **O programa RecURRA-GINSO naceu no 2011 da man da Asociación para la Gestión de la Integración Social (GINSO) e da Sociedade Española UrraInfancia e atende tamén a menores en conflito cos seus proxenitores**

Madrid, 15 de decembro de 2017.- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, recibiu a distinción do programa RecURRA-GINSO pola sensibilidade amosada nos casos nos que existe conflito filio parental. A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo González, desprazouse a Madrid para recoller o galardón, onde agradeceu ao presidente do programa, Javier Urrea, e ao seu equipo, este recoñecemento.

O departamento autonómico foi merecedor deste premio pola posta en marcha de diferentes iniciativas entre as que se inclúe o programa Convive, unha nova iniciativa no ámbito da familia e a infancia que ten por obxecto ofrecer aos menores que cometeron unha infracción penal, un contorno educativo e socializador que a súa familia non está en condicións de proporcionarlle temporalmente. Esta acción iniciouse con carácter piloto na provincia da Coruña en colaboración coa Asociación Arela. Dada a boa acollida desta acción, esta estenderase á provincia de Pontevedra co obxectivo de tecer unha rede que permita atender estes casos en Galicia.

Deste xeito, Galicia dispón dun programa específico dirixido a adolescentes maiores de 14 anos aos que os xuíces de menores impoñan en sentenza unha medida de convivencia con persoa ou familia allea, coa finalidade de que se beneficien dun contexto familiar positivo, normalizado e estruturado que permita modificar as circunstancias que os levou a

infrinxir as normas. Asemade, as familias partícipes do programa Convive son ser especialmente sensibles cos problemas da adolescencia, e da infancia polo que se valorará a titulación e formación en ciencias sociais: traballo social, educación social, pedagogía, psicoloxía etc.

Así mesmo, dado o aumento dos casos de violencia filio parental nos últimos anos, a Consellería de Política Social levou a cabo unha acción formativa especializada nesta problemática dirixida a técnicos de servizos e programas de protección de menores.

Esta formación, cunha duración de 30 horas, tivo como obxectivos coñecer a problemática da violencia ascendente na nosa contorna, adquirir coñecementos e ferramentas prácticas para a detección e intervención, recoñecer síntomas de malos tratos filio parental e distinguir os diferentes elementos que aparecen neses relacións, coñecer os diferentes modelos de abordaxe e intervención con menores e familias así como planificar posibles estratexias de actuación.

Esta intervención, xa desde a primeira infancia, encamiñase á ruptura do círculo de escalada violenta, mellorando as competencias parentales e, garantindo así o desenvolvemento integral do neno/adolescente. Así mesmo, a eficacia da intervención mellorará en función da coordinación dos equipos profesionais que interveñen e os servizos da rede de recursos da contorna socioeducativa. Identificar e intervir permitirá desmontar os modelos de educación que



A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo González, acudiu a Madrid para recoller o galardón

comporten efectos negativos sobre o desenvolvemento dos nenos, proporcionando un achegamento ao estilo educativo que promova un crecemento autónomo, respectuoso e prosocial dos nenos.

Cómpre destacar ademais que o Goberno autonómico elaborou a Estratexia galega para a infancia e a adolescencia, unha folla de ruta para os próximos anos que contribúe ao desenvolvemento dun sistema integral de atención aos menores, a través de actuacións coordinadas e sinérgicas a nivel territorial e institucional capaces de cubrir as súas necesidades dun xeito flexible e adaptativo, garantindo en todo momento os dereitos dos menores.

RecURRA- GINSO

A Asociación para la Gestión de la Integración Social (GINSO) e a Sociedad Española

UrraInfancia, puxeron en marcha o programa RecURRA-GINSO no ano 2011. Ao abeiro deste programa, Javier Urrea xunto cun equipo de profesionais, atenden aqueles menores de entre 4 e 18 anos en conflito cos seus proxenitores que presenten importantes dificultades na súa relación familiar. Trátase tamén dunha iniciativa pioneira en España que desde a súa posta en marcha, atendeu máis de 1000 familias e tratou máis de 370 mozos e mozas.

O premio recollido pola directora xeral foi outorgado en edicións anteriores ao documental Niños invisibles do programa Informe Semanal (TVE), ao Padre Ángel polo seu labor na fundación Mensajeros de la Paz, á Fundación Antena 3 pola súa campaña Derechos por la infancia ou ao xuíz de menores de Granada, Emilio Calatayud, entre outros.

<http://recurra.es/programa+recurra-ginso>



A Xunta lanza a iniciativa 'Acendámo-la luz' para sensibilizar sobre a necesidade de previr e denunciar os abusos a menores



A directora xeral de Familia, Amparo González, participou nunha mesa redonda organizada ao abeiro do IX Congreso Galego de Agafan

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2017.- A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xunta de Galicia, Amparo González, presentou no Museo Pedagógico de Galicia (Mupega) a iniciativa 'Acendámo-la luz'. Trátase da continuación da campaña '37mil sorriSOS' posta en marcha pola Consellería de Política Social o pasado mes de maio co obxectivo de previr e detectar os abusos sexuais a menores, así como que aqueles que foron vítimas poidan superar esta traumática experiencia.

Amparo González explicou que se a primeira parte da campaña estaba enfocada aos colectivos e profesionais que traballan coa infancia, esta segunda está máis orientada ao conxunto da sociedade, "convencidos de que só ela é quen de poñer freo aos abusos", apuntou. A proposta ten un carácter eminentemente dixital, xa que o que se procura é difundir a mensaxe #acendamolaluz a través das redes sociais –fundamentalmente facebook, instagram e whatsapp-, ademais de habilitarse a páxina web www.acendamolaluz.com. Nesta dirección da internet, xunto cos contidos da campaña, pódese escoitar a canción do mesmo título que concentra a mensaxe da campaña.

A imaxe da iniciativa é unha árbore de Nadal con doce lámpadas no que dúas delas non alumean, representando así os doce meses do ano e o feito de que un de cada cinco menores podería ser vítima de abusos segundo as estatísticas do Consello de Europa. "Durante os próximos doce meses traballaremos sen descanso para que no Nadal todas as lámpadas da nosa árbore alumeen", explicou a responsable autonómica de Familia; ao tempo que engadiu que esta campaña "é unha invitación colectiva para conseguir que entre todos acendámo-la luz de todas esas pequenas lámpadas que un día se apagaron".

A través da campaña '37mil sorriSOS' e coa mensaxe 'Acendámo-la Luz' a Consellería de Política Social procura alertar dos abusos a menores á sociedade civil, aos medios de comunicación e a todas aquelas entidades ou profesionais que traballan pola infancia, coa finalidade de combater estas situacións. Así, entre os principais destinatarios desta iniciativa están os pais e nais, e os profesionais dos ámbitos educativo e sanitario, posto que eles adoitan ser os primeiros que detectan posibles casos de abusos.

Ao abeiro da campaña, a Consellería de Política Social creou o protocolo de INO,

- ▶ A imaxe da iniciativa é unha árbore de Nadal con doce lámpadas no que dúas delas non alumean, representando así os doce meses do ano e o feito de que un de cada cinco menores podería ser vítima de abusos segundo as estatísticas do Consello de Europa
- ▶ A mensaxe difundirase a través de redes sociais e na web www.acendamolaluz.com, que inclúe a canción creada para a ocasión.

baseado en catro liñas fundamentais: previr, observar, manter a calma e moverse notificando e avaliando cada caso de abuso da man dun profesional especializado. Así mesmo, con base neste protocolo, elaborouse un conto titulado 'Ino e o ladrón de sorrisos' dirixido aos nenos e nenas no que o protagonista chamado Inocencio ou Inocencia relata á súa nai unha serie de situacións relacionadas co abuso.

Ademais, a campaña tamén se fixo visible co espectáculo teatral 'Pum,pum!', da compañía Baobab Teatro, que fala de historias cotiás que lles pasan aos menores pero que tamén transmite a mensaxe de que ninguén pode obrigalo a facer cousas que non

queren. Este espectáculo dirixido aos escolares está a percorrer as principais cidades galegas.

Finalmente, cómpre lembrar que a Xunta de Galicia dispón dun servizo telefónico de atención ao menor de carácter gratuito e que funciona todo o ano as 24 horas do día. Trátase do 116 111, atendido por profesionais e ao que poden dirixirse tanto aqueles nenos ou nenas que nalgún momento se sintan maltratados por outra persoa, precisen axuda ou simplemente queiran falar do que lles preocupa; como aquelas persoas que saiban ou sospeiten que algún menor poida estar sendo vítima de violencia ou non estar sendo correctamente atendido.

www.acendamolaluz.com

PorUn2018SenAbuso
#acendamolaluz

Se te tocan nas sombras,
te ameazan, deshonran,
ou che din:
"iso non se conta..."

Acendámo-la luz
dando a cara,
porque coa túa luz
os abusos se paran.

Conta comigo,
volve vivir.
Acende a luz,
volve sorrir.

Conta comigo
non tes que seguir
por máis escondido.



Ten coidado
con quen te encapricha,
con quen te ameaza
agochado nas sombras.

Acendámo-la luz
de contado
para que ninguén
pida que te escondas.

Porque quen quere ben
sabe o risco que ten
o que busca agocharte nas sombras...

Actualidade

A Xunta reforza o orzamento para seguir avanzando na inclusión das persoas con discapacidade ata un total de case 103 millóns de euros



O presidente da Xunta inaugurou a exposición do CERMI Capacitarte, unha mostra a prol dunha Galicia inclusiva e igualitaria

- “Estamos a falar, en definitiva, duns orzamentos para as políticas de discapacidade en Galicia que soben máis do dobre do que se incrementan as políticas globais da comunidade”, asevera
- Esta suba permitirá tamén incrementar as axudas para que os concellos supriman barreiras arquitectónicas e melloren a accesibilidade; e ampliar os servizos da Rede galega de atención temperá
- Avanza que a OPE aprobada no Consello da Xunta, contou coa maior porcentaxe de prazas reservadas para a discapacidade convocada en Galicia ata o momento
- Avoga por seguir estreitando a colaboración coas entidades e sumando esforzos para multiplicar os resultados
- Destaca o labor de CERMI Galicia e das entidades que o conforman, para que a sociedade siga avanzando no recoñecemento da valía das persoas con discapacidade e na súa integración social

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017.-

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, afirmou que abrir as portas ás persoas con capacidades diferentes seguirá a ser unha das prioridades a nivel social do Goberno galego, como pon de manifesto o incremento, nun 8%, dos orzamentos destinados a lograr a plena inclusión das persoas con discapacidade, ata situarse nun total de preto de 103 millóns de euros. “Estamos a falar, en definitiva, duns orzamentos para as políticas de discapacidade en Galicia que soben máis do dobre do que se incrementan as políticas globais da comunidade”, aseverou.

Máis polo miúdo, precisou que a partida destinada aos convenios coas federacións que traballan neste ámbito se incrementarán por riba dos 4 millóns de euros e o orzamento destinado a soste as prazas de atención á discapacidade superará os 84 millóns.

Este reforzo do presuposto para discapacidade permitirá tamén incrementar nun 60% as axudas para que os concellos supriman barreiras arquitectónicas e melloren a accesibilidade, “o que nos permitirá presentar -aseverou- un Plan de accesibilidade máis ambicioso”; así como ampliar os servizos da Rede galega

de atención temperá, cuxo orzamento sobe un 16%.

Así mesmo, avanzou que a OPE que se aprobou no Consello da Xunta, contou coa maior porcentaxe de prazas reservadas para a discapacidade convocada en Galicia ata o momento.

Consciente de que aínda queda moito por facer, o presidente do Executivo autonómico avogou por seguir estreitando a colaboración coas entidades e sumando esforzos para multiplicar os resultados. Non en van, Galicia está avanzando decididamente cara á integración deste colectivo, grazas ao seu propio esforzo, á dedicación das entidades e ao compromiso das administracións públicas. “Ser diversos permítenos aprender, traballar pola accesibilidade universal aos servizos públicos e elevar exponencialmente a importancia do compromiso das institucións”, dixo Feijóo.

Neste sentido, subliñou que este é o obxectivo principal desta exposición do CERMI Capacitarte, unha mostra a prol dunha Galicia inclusiva e igualitaria para proxectar os valores que transmiten as persoas con discapacidade e as entidades que os representan. “O seu traballo é imprescindible -incidiu- para entender a sociedade no seu conxunto, en igualdade, plena de dereitos e de obrigas”, asegurou.

Feijóo concluíu destacando e agradecendo a CERMI Galicia e ás entidades que o conforman a dedicación que poñen cada día para que a sociedade galega siga avanzando no recoñecemento da valía das persoas con discapacidade e na súa integración social. Ao respecto, precisou que ao longo dun ano irán pasando

polo espazo desta exposición as mostras do traballo de cada unha das entidades que agrupan e defenden ás persoas con discapacidade física e intelectual, coa finalidade de que os logros que acadan cada día non queden relegados a un segundo plano, senón que se perciban con toda a importancia que teñen.

<http://politicassocial.xunta.gal/web/porta/portal/portada-de-discapacidade>



<http://www.cermi.es/>



A Xunta aposta pola innovación e os servizos profesionais e de proximidade para atender as necesidades das persoas maiores

- O conselleiro Rey Varela abordou desde unha perspectiva social a oportunidade que supón para Galicia o desenvolvemento da 'Silver Economy' ou 'economía prateada' para a modernización dos servizos e recursos dirixidos á xente maior en ámbitos como o coidado e a atención á dependencia, o benestar ou o tempo libre, entre outros

Vigo, 27 de novembro de 2017.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, abordou no Círculo de Empresarios de Galicia a oportunidade que supón a chamada Silver Economy ou 'economía prateada', en alusión ás canas, para a xeración e posta en marcha de novos servizos e recursos dirixidos ás persoas maiores. Este acto enmárcase nun ciclo sobre a Silver Economy que durante todo o mes está a celebrar esta agrupación empresarial viguesa e que xa contou con expertos e profesionais de empresas vinculadas a este sector e centradas, principalmente, na innovación tecnolóxica como a chave para avanzar na mellora do benestar e da calidade de vida do segmento da poboación con idades desde os 55-60 anos en diante.

Na súa intervención, Rey Varela expuxo que o feito de que "vivamos cada vez máis anos e mellor é un logro da sociedade, polo que podemos contemplar a lonxevidade da poboación como unha ocasión para satisfacer mellor as inquiredanzas e necesidades das persoas maiores". Ao respecto, apuntou que en Galicia unha de cada catro persoas ten máis de 65 anos, unha porcentaxe que se incrementará ata un terzo en 2050 de continuar coa actual tendencia demográfica. "O futuro requirirá máis empregos, servizos, recursos e produtos dirixidos a atender non soamente á franxa da poboación situada na terceira idade senón incluso á máis lonxeva, a denominada cuarta idade", aseverou.

Neste contexto de crecemento da poboación madura, o

conselleiro indicou que se abren importantes oportunidades para Galicia en campos como o da saúde o benestar, a atención e o coidado, a vivenda ou o ocio e o tempo libre, entre outros. Nesta liña, dixo que "as administracións públicas non podemos situarnos á marxe deste fenómeno e, xunto coas entidades de iniciativa social e a esfera privada, debemos implicarnos nestes ámbitos que son propicios para a xeración de novas oportunidades de emprego, de dinamización económica e de modernización de servizos relacionados coas persoas maiores".

O titular da área social do Goberno galego centrou parte do seu relatorio na atención e coidados ás persoas maiores con dependencia, posto que a maior lonxevidade da poboación supón un aumento da taxa de persoas que teñen a súa autonomía limitada. Nesta liña, apuntou que Galicia aposta polos servizos profesionais fronte ás prestacións económicas.

Así, a día de hoxe son 53.553 as persoas que se benefician do sistema autonómico de dependencia, situándose a ratio de atención no 80,5%, sei puntos por enriba da media nacional. No que atinxe á porcentaxe de servizos profesionais este supón o 78,4% do total, once puntos máis que a media do conxunto de España; e cómpre salientar que somos a comunidade que mellores datos presentamos no Servizo de Axuda no Fogar. "Isto supón dispoñer dunha importante rede de profesionais e empresas para dar resposta ás necesidades das persoas maiores, en especial



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, participou en Vigo nun acto sobre a 'Silver Economy' organizado polo Círculo de Empresarios de Galicia

daquelas que, por vontade propia, prefiren seguir vivindo nos seus fogares o co seu contorno familiar", explicou o conselleiro

Por outra banda, Rey Varela abordou as actuacións que está a impulsar a Consellería de Política Social no ámbito da participación social, a corresponsabilidade e o ocio dos maiores; que responden aos obxectivos da Estratexia galega de envellecemento activo – Horizonte 2020. Nesta liña, referiuse a programas como 'Benestar en Balnearios', 'Xuntos polo Nadal', 'Universidade Sénior', 'Lecer Activo', 'Acompañar' e a 'Escola de avós e avoas educadores'. "O noso compromiso é garantir o dereito que teñen todas as persoas maiores a unha vida digna, á independencia e á participación activa na vida social, económica e cívica", manifestou.

"Aspiramos a que Galicia sexa o mellor lugar non soamente para ser maior, senón tamén para facerse maior", afirmou o conselleiro. Con esta finalidade, a Xunta continúa a apostar por reforzar o ámbito da atención e os coidados ás persoas maiores dependentes, así como por ofertar un amplo abano de programas dirixidos a favorecer o envellecemento activo e saudable. "Os maiores teñen unha mochila chea de experiencia e tamén, cada vez máis, moita vida por diante. Trátase de propiciar que teñan unha maior autonomía durante máis tempo, de continuar aproveitando os seus coñecementos coa participación activa en todos os campos da sociedade e de detectar de maneira máis precoz os casos de necesidades específicas", concluíu.

Silver Economy ou economía prateada fai referencia a "a suma de toda a actividade económica ás necesidades das persoas de máis de 50 anos e que inclúe tanto aos produtos e servizos que compran directamente como á actividade económica que xera"

”

Actualidade

A Xunta reforza a loita contra os desafiuzamentos coa ampliación do programa Reconduce

- ▶ O conselleiro enmarcou esta medida no desenvolvemento da nova Axenda Social, principal aposta de colaboración con outras administracións e entidades sociais para facer fronte a situacións de vulnerabilidade
- ▶ As novidades do Reconduce pasan pola posta en marcha de seis novos servizos territoriais e o reforzamento da oficina central de Santiago
- ▶ Case 500 familias recibiron atención desde a implementación do programa, hai catro anos.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017.- O

conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, compareceu en sede parlamentaria para dar conta do programa Reconduce dirixido a persoas e familias en risco de desafiuzamento, coa finalidade de facer un balance dos seus case catro anos de funcionamento así como explicar as melloras introducidas para ampliar o ámbito de actuación desta iniciativa que foron aprobadas polo Consello da Xunta en setembro do ano pasado. Rey Varela enmarcou o reforzamento do Reconduce no compromiso do Goberno galego de seguir avanzando no desenvolvemento e mellora das medidas recollidas na Axenda Social de Galicia, que cualificou como a principal aposta de colaboración con outras administracións e o tecido social para facer fronte a situacións de vulnerabilidade.

O conselleiro indicou que "o reforzamento do programa Reconduce supuxo un aumento da calidade na atención, creando ademais unha rede de oficinas de proximidade". Así, entre outras novidades, consolidouse a oficina central de Santiago coa incorporación de catro novos profesionais e abríronse seis novas

delegacións territoriais na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Ferrol, atendida cada unha delas por dúas persoas. En total, esta medida supuxo a incorporación de 16 novos profesionais ao programa procedentes dos campos do dereito e o traballo social, fundamentalmente. O investimento para a súa materialización ronda os 600.000 euros.

Ademais, outra das melloras do programa ás que se referiu o titular de Política Social foi a ampliación do obxecto de intervención do mesmo. De feito, o Reconduce tamén atende ás persoas e familias en risco de desafiuzamento por falta de pagamento da renda do aluguer habitual. Ata o momento o programa atendía unicamente aqueles casos de risco de desafiuzamento por execución hipotecaria.

No que atinxe ao balance desta iniciativa, en funcionamento desde o ano 2013, os principais datos sinalan que este servizo atendeu preto de 500 familias e superou os 200 expedientes de intermediación bancaria tramitados, dos cales a maioría concluíron cun acordo de reestruturación de débedas favorable para as persoas e familias en situación de vulnerabilidade.



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, compareceu en sede parlamentaria para dar conta do programa Reconduce dirixido a persoas e familias en risco de desafiuzamento

Rey Varela salientou a atención integral e completa que a Xunta presta a través do Reconduce, pois inclúe servizos de asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación laboral e apoio na busca dunha vivenda alternativa. Tamén fixo fincapé na participación de varios departamentos autonómicos neste programa, como son os de Política Social, Emprego ou Vivenda.

Por último, o conselleiro reiterou o compromiso do Goberno galego co dereito de toda persoa a dispor dunha vivenda. Así, paralelamente

ao Reconduce, a Xunta ten en marcha distintas iniciativas como o programa Realoxo, o bono de alugueiro social, o programa Aluga ou o programa de vivendas baleiras, entre outros. Asemade, a Administración autonómica ten asinados convenios de colaboración con entidades financeiras para que estas non desaloxen vivendas sometidas a execución hipotecaria permitindo aos afectados continuar nelas en réxime de aluguer social, así como para a cesión de vivendas baleiras da súa propiedade para aluguer social.

http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/planseprogramas?p_p_id=ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_P37k&p_p_lifecycle=0&p_p_state=normal&p_p_col_id=column-3&p_p_col_count=1&ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_P37k_co



A Xunta aproba un ano máis o complemento extraordinario de máis de 200 euros para os preto de 40.000 perceptores de pensións non contributivas

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171229/AnuncioG0425-221217-0001_gl.pdf



DOG

Diario Oficial
de Galicia

A Xunta traballa no deseño do Plan galego de atención ás persoas sen fogar que estará listo no primeiro semestre de 2018



A Consellería de Política Social e a Cruz Vermella celebran un seminario sobre o 'senfogarismo' coa asistencia dun centenar de expertos e profesionais neste ámbito

- ▶ O conselleiro José Manuel Rey Varela indica que o obxectivo deste evento é avanzar no deseño de novas políticas públicas que dean resposta ás necesidades e demandas das persoas sen teito en Galicia
- ▶ O futuro plan contará coas achegas das entidades de iniciativa social e entidades que traballan neste campo.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017.-O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, participou na inauguración do "Seminario sobre o senfogarismo en Galicia: deseñando as políticas de futuro", organizado pola Dirección Xeral de Inclusión Social e a Cruz Vermella coa finalidade de avanzar no deseño de novas políticas que dean resposta ás necesidades e demandas deste grupo de poboación. O Centro de Innovación Cultural da Cidade da Cultura de Galicia acolle esta xornada que conta coa asistencia de máis dun centenar de persoas, entre representantes e persoal técnico das administracións autonómica e local, entidades de iniciativa social, así como tamén redes de entidades ou asociacións profesionais que traballan no ámbito da inclusión social.

Na súa intervención, Rey Varela salientou que o obxectivo deste evento "é crear un espazo de exposición, debate e intercambio de coñecemento e

información de persoas expertas que desde institucións e organizacións de diferentes ámbitos traballan cunha finalidade común: loitar contra o senfogarismo". Neste sentido, enmarcou este seminario na preparación do Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia, un compromiso de lexislatura que se prevé que estará listo durante o primeiro semestre do vindeiro ano. De feito, as conclusións do encontro incorporaranse a un estudo sobre a materia centrado en trazos e intervencións ante a situación dos sen teito que se está a realizar en colaboración coa Cruz Vermella e que se pretende presentar ao Consello de Goberno da Xunta no mes de decembro.

O conselleiro indicou que o devandito plan galego "será participado" e que no mesmo "terán un papel relevante as entidades de iniciativa social e institucións que traballan coas persoas sen fogar". Ao respecto, engadiu que "o diálogo, a colaboración e a coordinación co tecido

social é a mellor maneira de ter as mellores políticas sociais de inclusión". Tamén apuntou que este documento implicará a outros departamentos autonómicos que teñen incidencia na atención a este colectivo, como Sanidade, Vivenda, Igualdade, Educación ou Emprego.

Despois do acto de apertura e benvida, a conferencia inaugural correu a cargo do director da Federación Europea de organizacións nacionais que traballan con persoas sen fogar (Feantsa), Freek Spinnewijn, que falou sobre as tendencias na abórdaxe do senfogarismo na Unión Europea. A continuación, Pedro José Cabrera Cabrera, titular do Departamento de Socioloxía e Traballo Social da Universidade Pontificia de Comillas, expuxo os resultados dunha enquisa realizada a persoas sen fogar por Cruz Vermella en Galicia, co apoio da Consellería de Política Social.

A xornada da mañá rematou cunha mesa de diálogo na que se debateron diferentes perspectivas e consideracións para o deseño de políticas de atención ao senfogarismo. Na mesma participaron a subdirectora adxunta de Programas Sociais do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, Inmaculada Lasala Meseguer; a subdirectora xeral técnica de Rais Fundación, Maribel Ramos Vergeles; o responsable territorial do Grupo Emaús Fundación Social, Juncal Blanco Granado; o director de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, Anuncio Mouriño Raño; e o titular do Departamento de Socioloxía e Traballo Social da Universidade Pontificia de Comillas, Pedro José Cabrera Cabrera.

Xa pola tarde, representantes de entidades locais e de iniciativa social compartiron experiencias nun world coffee e presentaron as conclusións do seminario.



Actualidade

A Xunta amosa o talento da mocidade na gala final do certame Xuventude Crea

- ▶ Concedéronse os galardóns ás mellores creacións en cada unha das doce especialidades do certame, que son: artes plásticas, banda deseñada, cociña, deseño de xoias, fotografía, graffiti, moda, música, poesía, relato breve, teatro e video-creación
- ▶ Máis de 370 mozos e mozas con idades entre os 16 e os 30 anos presentaron as súas propostas a esta edición do programa.



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, compareceu en sede parlamentaria para dar conta do programa Reconcúndese dirixido a persoas e familias en risco de desafuizamento

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2017.-O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela puxo en valor o talento e enxeño da mocidade na gala de entrega de premios de 'Xuventude Crea 2017' que se celebrou na Cidade da Cultura de Galicia e no que estivo acompañado pola directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, e de numerosos membros do Goberno autonómico. Á edición deste ano presentáronse 299 proxectos individuais ou colectivos -58 máis que os rexistrados no certame de 2016- autoría de 376 participantes entre os 16 e os 30 anos de idade.

Na súa intervención, Rey Varela sinalou que este evento "é a maior manifestación das posibilidades creativas da xuventude galega". Nesta liña, indicou que o papel da Xunta pasa "pola defensa da liberdade creativa; a aposta polo desenvolvemento da xente nova e o establecemento de vías de apoio á súa creatividade, valores, habilidades e capacidades; así como apoiar os autores máis novos que comezan o seu labor artístico nos diferentes ámbitos da creación".

Ademais, o conselleiro apuntou que programas como 'Xuventude Crea' supoñen "incrementar as posibilidades dos novos valores artísticos e dos emprendedores

neste ámbito no día de mañá". "Poñemos á disposición da mocidade as plataformas nas que manifestar as súas inxerencias artísticas e culturais ao tempo que fomentamos a creatividade deste colectivo", afirmou.


'Xuventude Crea' está composto por doce disciplinas: artes plásticas, banda deseñada, cociña, deseño de xoias,

fotografía, graffiti, moda, música, poesía, relato breve, teatro e videocreación. Os participantes nestas especialidades optaron aos seguintes premios: 3.000 euros para os primeiros gañadores; 1.500 euros para os segundos; e 1.000 euros para os terceiros. Tamén se outorgaron mencións de honra, sen dotación económica.

<http://xuventude.xunta.es/>

A Xunta e Os Bolechas únense para fomentar o voluntariado entre o alumnado de educación infantil e primaria

<https://libraria.xunta.gal/gl/os-bolechas-aprenden-a-ser-persoas-voluntarias>



Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017.- A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, presentou no Día Internacional do Voluntariado, a guía Os Bolechas e o voluntariado, un libro que busca sensibilizar a poboación infantil sobre os valores solidarios e a xustiza social. No acto tamén se fixo entrega do carné de "voluntari@s de honra" a máis de 500 estudantes das catro provincias galegas que desenvolven algunha iniciativa de voluntariado, así como dun exemplar do manual.

O obxectivo é que os máis pequenos se comprometan e participen como axente xerador de cambios. Así mesmo, esta publicación ensínalles a detectar necesidades sociais e a identificar as causas que as provocan dun xeito ameno e divertido.

O voluntariado é unha das formas de participación social máis relevante. É importante que os nenos e nenas se familiaricen desde unha idade temperá coa acción social e cos beneficios que esta reporta a nivel individual e social. Os centros escolares, lugares de aprendizaxe formal pero tamén de transmisión de valores, constitúen un motor fundamental na súa evolución. Nunha sociedade ás veces tan individualizada

como a actual, convén potenciar actitudes de proximidade, integración e solidariedade.

A educación xoga, por tanto, un papel fundamental no fomento do voluntariado. Os valores que leva aparellados o voluntariado han de estar presentes en todas as etapas do ciclo educativo. Por iso o sistema educativo ten que afondar na educación en valores, a solidariedade, a participación social, a conciencia de cidadanía, o respecto polo medio ambiente e polos máis débiles.

- O obxectivo é sensibilizar os escolares sobre os valores solidarios e a xustiza social
- Galicia é a comunidade autónoma cun maior índice de participación xa que 40.000 persoas están implicadas en programas solidarios.

A guía presentada está pensada para o alumnado de 3 a 11 anos. Cada docente poderá axustar o seu contido aos tempos que crea convenientes, aínda que a proposta é realizala dentro dun marco (unha semana temática por exemplo) e materializalo nun día, como o Día Internacional do Voluntariado.

Esta guía publícase coa intención de que os contidos teóricos recollidos nesta se materialicen cos axentes sociais activos e executores das ditas accións na realidade social: as entidades de acción voluntaria.

Así mesmo, pretende dar a coñecer entre os máis cativos a realidade do voluntariado e a súa acción social na nosa Comunidade Autónoma a través dos distintos programas operativos que se están a impulsar desde a Xunta de Galicia.

Día Internacional do Voluntariado

Neste día, réndese unha homenaxe especial a todas as persoas que traballan de xeito desinteresado para construír unha sociedade mellor e axudar a quen máis o precisa. Cómpre destacar que Galicia é a comunidade autónoma con maior índice de participación xa que 40.000 persoas están implicadas en programas solidarios.

A Xunta segue a fomentar a actividade voluntaria como fórmula de participación na sociedade a través da posta en marcha de accións en áreas como a de maiores ou medio ambiente e que ao seu tempo, permitan aos galegos e galegas obter o certificado de experiencia voluntaria.

<http://www.voluntariadogalego.org/web/>

Mapa do portal | Accesibilidade | Contacto |

Voluntariado Galego.org

900 400 800

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Directorio	Novas	Axenda	Formación	A túa experiencia	Lexislación	Asesoramento	Mapa Web
Entidades	Faite voluntario	Plans e programas	Subvencións	Punto de encontro	Registro	Ligazóns	Contacto

Voluntariado Galego.org

Novas

(28-03-2016)

Publicase a orde de subvencións do Programa Voluntariado Xuvenil para entidades locais e de acción voluntaria que permitirá a execución de 160 proxectos de voluntariado en 2016 con 800 persoas implicadas

A principal novidade é que as persoas voluntarias que xa colaboraran en anteriores anos poderán repetir a súa participación nos proxectos que se leven a cabo neste ano e que se desenvolverán entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro

Desde o ano 2011 a Xunta de Galicia investiu neste programa máis dun millón e medio de euros, que permitiu que preto de 2.500 mozos voluntarios desenvolveran 422 proxectos de acción voluntaria de entidades e concellos

Neste ano 2016 vense de incrementar o orzamento da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en materia de axudas nun 5% con respecto ao ano anterior

Axenda Voluntariado

<< 26 Abr 2016 >>

L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

PETICIÓN DE VOLUNTARIADO

Congreso Galego de Voluntariado
VENIDA: 28 de maio de 2016

Actualidade

Goberno e interlocutores sociais acordan incrementar o SMI un 4% en 2018 e fixar unha senda que o sitúe en 850 euros en 2020


Madrid, 26 de decembro de 2017.- O Goberno e os interlocutores sociais, co obxectivo de contribuír a trasladar plenamente aos cidadáns os efectos positivos da recuperación da actividade económica, e de favorecer de forma equilibrada a mellora da competitividade da economía española e o proceso de creación de emprego,

Acordamos

Fixar un incremento do Salario Mínimo Interprofesional

- ▶ do 4% para 2018, resultando 736 euros ao mes en 14 pagas e 10.304 euros ao ano
- ▶ do 5% para 2019, resultando 773 euros ao mes en 14 pagas e 10.819 ao ano
- ▶ e do 10% para 2020, alcanzando así os 850 euros ao mes e 14 pagas e 11.901 euros ao ano.

<http://www.boe.es/boe/dias/2017/12/30/pdfs/BOE-A-2017-15848.pdf>




Calendario laboral 2018

Normativa estatal:

- ▶ Resolución de 9 de octubre de 2017, de la Dirección General de Empleo, por la que se publica la relación de fiestas laborales para el año 2018. (BOE nº 245, do 11.10.2017).

<http://www.boe.es/boe/dias/2017/10/11/pdfs/BOE-A-2017-11639.pdf>



Normativa autonómica:

- ▶ Decreto 86/2017, do 7 de setembro, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2018. (DOG nº 175, do 14.09.2017).



http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170914/AnuncioG0424-110917-0005_gl.pdf

- ▶ Resolución do 27 de novembro de 2017, da Secretaría Xeral de Empleo, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2018, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 232, do 07.12.2017).



https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171207/AnuncioG0424-291117-0001_gl.pdf

Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018. (DOG nº 245, do 28.12.2017).

<http://www.conselleriadeconomia.es/orzamentos2018>


https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171228/AnuncioC3B0-221217-0001_gl.pdf



Diario Oficial
de Galicia



Cadro de contías mínimas de pensións do Sistema da Seguridade Social para o ano 2018



<http://www.boe.es/boe/dias/2017/12/30/pdfs/BOE-A-2017-15854.pdf>

XUBILACIÓN

	Euros/ano		
	Con cónxuxe a cargo	Sen cónxuxe: Unidade económica unipersoal	Con cónxuxe non a cargo
Titular con 65 ou máis anos	11.044,60	8.950,20	8.493,80
Titular menor de 65	10.353,00	8.372,00	7.917,20
